



MEDIAS PARA O FOMENTO DA MOBILIDADE SOTIBLE.

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno Ordinario da Corporación, do xoves 28 de marzo, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade eléctrica é xa unha realidade na nosa sociedade. O número de vehículos que circulan polas nosas estradas incrementa mes a mes e cada vez é máis habitual ver vehículos eléctricos circular e tamén recargar nos espazos públicos.

A transición enerxética e a mobilidade eléctrica, non é posible sen un rol de liderado das entidades locais facilitando ou promovendo o despregamento de infraestrutura de recarga ou con medidas de apoio aos vehículos limpos.

A incorporación de vehículos eléctricos nas frotas públicas ten tamén que ser prioritario para as entidades locais tanto polos múltiples beneficios económicos e ambientais que supoñería como por un importante efecto positivo polo potencial exemplificador da administración.

Podemos destacar as seguintes vantaxes dos vehículos eléctricos na actualidade:

- Redución de emisións

Co mix de xeración actual, no que a xeración renovable é aproximadamente o 40% do total, o vehículo eléctrico supón unha redución de máis do 65% das emisións de gases efecto invernadoiro respecto a os vehículos convencionais, pasando dos 114,4 gCO₂/km dun vehículo convencional matriculado en 2016 aos 36,1 gCO₂/km para un vehículo eléctrico. Estes valores xa permitirían cumprir cos límites de emisións propostos no ámbito europeo, que son da orde de 67 gCO₂/km en 2030, segundo revisión do Regulamento (EC) 715/2017 e serán máis estritos segundo avance a penetración de fontes renovables na xeración eléctrica.

- Maior eficiencia enerxética. A eficiencia enerxética do vehículo eléctrico é moi superior á do vehículo convencional. En termos de enerxía utilizada (enerxía convertida en

movemento) sobre enerxía enchida (enerxía no combustible ou tomada da rede), a eficiencia do eléctrico é do 60%, fronte ao 20% dun vehículo convencional, o que supón unha eficiencia 3 veces superior.

- *Mellora da calidade do aire.* O vehículo eléctrico elimina completamente as emisións de gases con efectos nocivos á saúde das persoas. AEMA e a OMS estiman que no ano 2014 producíronse ata medio millón de mortes prematuras nos países europeos pola mala calidade do aire.

- *Menor contaminación acústica.* En canto ao ruído, a situación mellora ata alcanzar unha velocidade dun 40 km/ h.

En Veciñ@s de Padrón temos claro que no futuro o transporte será diferente e os vehículos eléctricos constitúen unha opción moi atractiva. Non negamos que o estado actual da tecnoloxía é insuficiente para falar deles como a solución definitiva, pero é de supoñer que nos próximos anos vexamos avances e melloras tecnolóxicas. O uso de automóbiles híbridos ou eléctricos podería supoñer unha mellora en canto a eficiencia enerxética e emisións de gases de efecto invernadoiro. Esta mellora sería significativa se a enerxía proviñese de fontes limpas e renovables pola que a nosa formación aposta sen dúbida. O uso de electricidade no transporte posibilita usar fontes enerxéticas renovables, reducindo a queima de combustibles fósiles. Nas cidades reduciríase a contaminación, gozando dun aire máis limpo e dunha contorna menos ruidosa.

Por outra parte, temos claro tamén que o coche eléctrico non pode ser unha escusa para que non cambie nada máis pero si o incio para que cambie todo o demáis: necesidade de circuítos comerciais curtos e de consumo local, que o modelo urbanístico cre espazos habitables e respectuosos co medio ambiente, que usemos enerxías renovables e limpas para xerar electricidade, que o transporte público e colectivo sexa o maioritario e que o vehículo individual sexa o último recurso.


E neste contexto os coches eléctricos serán unha verdadeira alternativa para certos desprazamentos que non poidan realizarse doutra maneira e por iso cremos que debemos de comenazar o seu fomento o antes posible.

Tampouco podemos obviar que somos a xeración que temos que asumir o reto de facer fronte ao cambio climático para iso dispoñemos da tecnoloxía, a intelixencia e deberíamos ter tamén a vontade e a decisión e de sacrificio para levalo a cabo.

Por todo o anterior exposto propoñemos os seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Que se valore a instalación dun punto de recarga para vehículos eléctricos (coches e motos).
- 2.- Valorar a modificación da ordenanza municipal de I.V.T.M. para que os vehículos eléctricos ou híbridos gocen dunha bonificación total ou parcial.
- 3.- Que á hora de adquirir calquera tipo de vehículos por parte do Concello valórese e déase prioridade aos vehículos eléctricos ou híbridos.

En Padrón, a 18 de marzo de 2019



Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO
DE PADRÓN**